



CONCELLO DE A BOLA  
(OURENSE)  
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

# BANDO

MARÍA TERESA BARJE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE A BOLA (OURENSE).

## INFORMA:

A Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude) anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

## OBXECTO

Convocar, con carácter gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega (Celga), niveis 2, 3 e 4, tanto presenciais como en liña.

### Programación de cursos Celga presenciais

Celga 2	Celga 4
<p><b>Lugar:</b> IES Eduardo Blanco Amor Rúa Vicente Risco, 13</p> <p><b>Datas:</b> do 17.3.2025 ao 8.5.2025</p> <p><b>Horario:</b> de luns a xoves, das 18.00 ás 20.30 h</p> <p><b>Núm. de prazas:</b> 35</p>	<p><b>Lugar:</b> IES Eduardo Blanco Amor Rúa Vicente Risco, 13</p> <p><b>Datas:</b> do 17.3.2025 ao 8.5.2025</p> <p><b>Horario:</b> de luns a xoves, das 18.00 ás 20.30 h</p> <p><b>Núm. de prazas:</b> 35</p>



CONCELLO DE A BOLA  
(OURENSE)  
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

### Programación de cursos Celga en liña:

Curso	Número de prazas	Datas
Celga 2: 11 edicións	385	Do 17/03/2025 ao 08/05/2025
Celga 3: 8 edicións	280	Dp 17/03/2025 ao 08/05/2025
Celga 4: 17 edicións	595	Do 17/03/2025 ao 08/05/2025

### **PERSOAS DESTINATARIAS**

As persoas maiores de dezaseis anos ou por aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen mellorar o seu coñecemento e dominio do galego e preparar as probas que a Secretaría Xeral da Lingua convoca periodicamente para certificar a competencia nesta lingua.

### **SOLICITUDES**

As persoas interesadas en inscribirse nos cursos presentarán a súa solicitude a través da plataforma de teleformación da Secretaría Xeral da Lingua, no enderezo electrónico <https://formacion-lingua.xunta.gal>. Tras accederen á citada plataforma, deberán identificarse co nome da persoa usuaria e contrasinal. Se unha persoa non é usuaria da plataforma, deberá crear unha conta como paso previo á inscrición.

O sistema pediralle que realice unha proba de nivel para verificar que ese curso é o que mellor se adapta aos seus coñecementos previos de lingua galega. Só haberá un intento por cada nivel. Se o resultado da proba é apto, este actuará como criterio de preferencia á hora de asignar as prazas do curso cando o número destas sexa menor ca o de solicitantes. As persoas que non superen a proba poderán igualmente inscribirse no curso, ben que non terán preferencia na asignación das prazas.

Cada persoa só poderá inscribirse nun único curso



CONCELLO DE A BOLA  
(OURENSE)  
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes comeza o **8 de febreiro de 2025** e remata o **28 de febreiro de 2025**.

A Bola, 11 de febreiro de 2025.

A Alcaldesa